

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA TRECE DE OUTUBRO DE DOUS MIL CATORCE: - - - - -

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

- D^a M^a Paz Lago Martínez**
- D. Salvador Durán Bermúdez**
- D^a M^a Isabel González Domínguez**
- D. Marcos Guisasola Padín**
- D^a María Deza Martínez**
- D. Constantino Sanmartín Quiñones**
- D^a Almudena Aguíñ Fernández**
- D. Gonzalo Gonzalo Pita**
- D^a M^a Victoria González Serén**
- D^a M^a Esther Freijeiro Vázquez**
- D^a M^a Dulcinea Aguíñ Pombo**
- D. José Buezas Méndez**
- D. Pablo Piñeiro Taboada**
- D. David Otero Domínguez**
- D^a Sandra Fernández Agraso**
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**

INTERVENTOR:

D. José Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte e unha horas e vinte e cinco minutos do día trece de outubro de dous mil catorce, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

1º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL CONSOLIDADA DO ANO 2013 DO CONCELLO DE SANXENXO. O Sr. Secretario indicou que a Conta se informou pola Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio na sesión celebrada o 28 de agosto de 2014 e que, durante o prazo de exposición ao público da referida Conta Xeral, unha vez informada pola Comisión citada, non se presentaron suxestións, reparos ou observacións.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, manifestou que despois de que na Comisión Informativa se aclarasen as dúbidas existentes, como as referentes as controversias con “Espina y Delfín”, ían votar a favor da aprobación da Conta, pero considerou significativo que por primeira vez baixe o Padrón Municipal de Habitantes, con veciños que se van vivir a outros concellos, o que é un reflexo dunhas políticas que non saíron ben.

A Sra. Alcaldesa aludiu a que este concello servía de motor para outros do entorno e considerou que o fomento do emprego era básico tamén para incrementar o número de empadroados.

Ao non se producir mais intervencións a Sra. Presidenta someteu a **Conta Xeral Consolidada de 2013** a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: aprobar a **Conta Xeral Consolidada do ano 2013 do Concello de Sanxenxo que se informou pola Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio na sesión celebrada o 28 de agosto de 2014.**

SEGUNDO: remitir o documento ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas do Estado.”-----

2º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE DELIMITACIÓN DO POLÍGONO DE EXPROPIACIÓN DE TERREOS PERTENCENTES A PARTICULARES, INCLUÍDOS NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS DA ZONA E69B DO PXOM DE SANXENXO, EN O REVEL-VILALONGA-SANXENXO. RELACIÓN DE PROPIETARIOS E DE BENS E DEREITOS AFECTADOS”. A Sra. Alcaldesa explicou que este punto non se levou a comisión informativa, polo que debe ratificarse a súa inclusión na orde do día. A continuación o Sr. Secretario deu lectura a parte dispositiva da proposición da alcaldía, que a continuación se transcribe literalmente:

“Visto o Informe do Técnico en Xestión Urbanística do Concello de Sanxenxo elaborado en data 8 de outubro de 2014, do seguinte tenor literal:

“ANTECEDENTES DE FEITO:

01.O Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Sanxenxo, aprobado definitivamente por Acordo Plenario adoptado o 27 de febreiro de 2003, delimitou un área ubicada en O Revel, parroquia de Vilalonga, calificándoa como sistema de equipamentos públicos baixo o número E69B.

02.A súa ordenación detallada foi establecida mediante o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Benito Fernández González en maio de 2012, e foi aprobado definitivamente por Acordo do Concello Pleno adoptado en sesión celebrada o 28 de maio de 2012.

03. Tras obter a pertinente información sobre titularidade dos terreos incluídos na delimitación do citado ámbito no Rexistro da Propiedade de Cambados e no Catastro, e sobre a base do documento técnico elaborado polo enxeñeiro agrónomo D. Jorge Domínguez Piñeiro, de decembro de 2013, por parte do arquitecto municipal e de quen subscribe se elabora o “Proxecto de Delimitación do Polígono de expropiación de terreos pertencentes a particulares incluídos no ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións da zona E69B do PXOM de Sanxenxo, en O Revel – Vilalonga. Relación de Propietarios e de bens e dereitos afectados”, de xullo de 2014.

04. Mediante acordo do Concello Pleno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2014, préstase aprobación inicial ó “Proxecto de Delimitación do Polígono de Expropiación de terreos pertencentes a particulares, incluídos no ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotación da zona E69B do PXOM de Sanxenxo, en O Revel – Vilalonga. Relación de propietarios e bens e dereitos afectados”, redactado polo arquitecto municipal e quen subscribe.

05. O Acordo publicouse no Diario Oficial de Galicia nº 152 e no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra nº 154, ambos de 12 de agosto de 2014, e na actualidade se está a proceder coa notificación individualizada ós posibles propietarios dos terreos obxecto de expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

01. O presente procedemento séguese coa finalidade de determinar o polígono expropiatorio de terreos pertencentes a particulares dentro do ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións da zona E69B do PXOM de Sanxenxo de O Revel – Vilalonga – Sanxenxo, coa concreción dos titulares, bens e dereitos afectados, como tracto previo á iniciación da fase de determinación do xustiprezo por parte do Concello de Sanxenxo.

02. Nin o Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo (TRLRHL), nin a Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), nin a Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, así como os textos regulamentarios que as desenvolven –significativamente, o Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión Urbanística (RGU), e o Regulamento de Expropiación Forzosa (REF), aprobado por Decreto de 26 abril 1957– contemplan prazo algún para a tramitación e finalización desta fase procedimental, logo teremos que estar ó fixado no art. 42.3. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LPC), que é de 3 meses.

03. No presente expediente, e toda vez que a aprobación inicial foi adoptada en data 28 de xullo de 2014, o prazo máximo para a súa finalización vencería o 28 de outubro de 2014.

Ocorre que pola complexidade mesma do expediente –existencia de numerosísimos e indeterminados interesados, e outras cuestións que se dirán no apartado seguinte– nesa data a non vai a estar finalizado o expediente.

Actualmente, se está á espera de que sexa practicada a notificación do acordo plenario de aprobación inicial a certos propietarios de terreos afectados mediante a súa publicación no boletín oficial correspondente ó amparo do art. 59.5 LPC. Tarefa que se está a levar a efecto respecto daqueles posibles propietarios de bens e dereitos afectados que, ou ben son descoñecidos para esta Administración Municipal –fundamentalmente pola existencia de herdeiros de titulares falecidos, así como pola súa imposibilidade de concreción á vista dos datos existentes, léase, “filla de Manuela da Tomada” ou “familia Belón ou Velón”– ou ben porque se ignora o seu domicilio, ou simplemente porque a notificación non puido ser realizada na dirección coñecida.

A continuación insírese un cadro no que se relacionan os posibles propietarios de bens e dereitos afectados, e o motivo polo que se acude ó mecanismo previsto no art. 59.5 LPC para cumprir coa obriga de notificación.

Nº	POSIBLE TITULAR	BEN/DEREITO AFECTADO	MOTIVO PUBLICACIÓN
1	Nieves Dopazo Fernández	Porción finca nº 486	Descoñecemento domicilio
2	Guillermo Dopazo Fernández	Porción finca nº 486	Descoñecemento domicilio
3	Herdeiros de Carlos Souto Torres	Porción finca nº 174	Descoñecementoidentidade concreta
4	Manuel Carlos Souto Pérez	Porción finca nº 486	Falla de notificación individualizada
5	Herdeiros de Rosa Otero Fernández	Finca nº 171	Descoñecementoidentidade concreta
6	Herdeiros de Manuel Camiña Otero	Porción fincas ns. 37 e 169	Descoñecementoidentidade concreta
7	Herdeiros Juan Torres Torres	Porción finca nº 166	Descoñecementoidentidade concreta
8	Herdeiros de Elisa Valladares Torres	Porción finca nº 166	Descoñecementoidentidade concreta
9	Eusebia Torres Torres	Porción finca nº 165	Falla de notificación individualizada
10	Herdeiros de Juana Torres Torres	Finca nº 163	Descoñecementoidentidade concreta
11	Francisco Rey Méndez	Porción finca nº 164	Falla de notificación individualizada
12	Filla de Manuela da Tomada	Porción finca nº 102	Descoñecementoidentidade concreta
13	Herdeiros de Victoriano Otero Uzal	Porción finca nº 101	Descoñecementoidentidade concreta
14	Herdeiros de Manuel Otero Fernández	Finca nº 70 e Porción finca nº 44	Descoñecementoidentidade concreta
15	Herdeiros José Otero Fernández	Finca nº 69	Descoñecementoidentidade concreta
16	Herdeiros de Inocente Otero Fernández	Finca nº 38 e Porcións fincas ns. 41, 44 e 46	Descoñecementoidentidade concreta
17	Laureana Fernández Tacón	Finca nº 40	Falla de notificación individualizada
18	Herdeiros de Elisa Gloria Fernández Dopazo	finca nº 39	Descoñecementoidentidade concreta
19	Antonio Otero Fernández	Porción finca nº 41	Falla de notificación individualizada
20	Herdeiros Mª Peregrina A.MéndezCamiña	Finca nº 563	Descoñecementoidentidade concreta
21	Familia Velón ouBelón	Fincas ns. 562, 563, 564 e Porción finca nº 175	Descoñecementoidentidade concreta

04. Sendo esta a situación, o que procede é acordar a ampliación do prazo de resolución e notificación do procedemento ó abeiro do disposto no art. 42.6 LPC. A súa adopción está plenamente xustificada por canto que:

a) Trátase dun expediente que ten que someterse a información pública por prazo de 15 días mediante publicacións en diarios oficiais e notificacións individualizadas ós interesados.

b) Tivéronse que realizar –e aínda se está nesta tarefa– en torno a oitenta notificacións de posibles propietarios de bens e dereitos afectados. Algúns deles indeterminados á vista dos datos ós que os redactores do documento puideron acceder –fundamentalmente o Catastro ante as escasísimas fincas inscritas no Rexistro da Propiedade–, e nalgún caso, debendo ser remitida fora da Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Ó día da subscripción deste informe presentáronse 32 alegacións, que teñen que ser estudadas e analizadas técnica e xurídicamente. Elo, aínda que a información pública non finalizou polo que se dirá no apartado seguinte.

d) E fundamentalmente, ante a necesidade de notificar a posibles interesados por medio do mecanismo previsto no art. 59.5 LPC, tal e como se indicou no fundamento xurídico 03. deste informe.

A maiores, cómpre apuntar que, á vista do disposto no art. 5 da LEF, unha vez efectuada a publicación e

notificación individualizada ós propietarios afectados, se algún deles non comparecese no expediente, entenderanse as actuacións co Ministerio Fiscal; o que na práctica conleva a que teña que dárselles traslado das actuacións para o seu coñecemento e, no seu caso, presentación de alegacións, todo elo en garantía dos dereitos dos interesados.

Se temos en conta a existencia de numerosos herdeiros de titulares de bens e dereitos afectados cuxa identidade concreta e individualizada esta Administración Municipal descoñece, resulta fácil concluir que deberemos levar a puro e debido efecto este tracto procedimental, co pertinente consumo de tempo que elo conlevará, e sempre unha vez finalice completamente o trámite de notificacións.

05.A maior abundamento, e sobre a base dun principio de mera prudencia procedimental e corrección formal, quen subscribe considera a necesidade de publicar o acordo de aprobación inicial nun dos diarios de maior circulación na provincia de Pontevedra, ó abeiro do disposto no art. 18 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954; de aplicación supletoria á vista do disposto no art. 29 do TRLS.

06.En canto á competencia para adoptar o acordo ou resolución nos sentidos apuntados, quen subscribe entende que deberá ser o Pleno Municipal, xa que foi tamén o órgano que acordou aprobar inicialmente o proxecto, e será o que lles preste aprobación definitiva.

O acordo que sexa adoptado deberá ser notificado a tódolos interesados, e fronte a él no cabrá recurso algún.

07.Neste senso, a proposta que a Alcaldesa do Concello de Sanxenxo debера elevar ó Pleno Municipal, realizárase nos termos seguintes:

“PRIMEIRO.- Ampliar o prazo de resolución –coa notificación que corresponda– do procedemento de aprobación do proxecto de Delimitación do Polígono de Expropiación de terreos pertencentes a particulares incluídos no ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións da zona E69B do PXOM de Sanxenxo, en O Revel – Vilalonga. Relación de Propietarios e de bens e dereitos afectados (Expte. nº EM – 001/14), por tres meses máis, contados dende o 28 de outubro de 2014, ó abeiro do disposto no art. 42.6. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SEGUNDO.- Proceder a publicarnun dos diarios de maior circulación da provincia de Pontevedra, o sometemento a información pública do “Proxecto de Delimitación do Polígono de expropiación de terreos pertencentes a particulares incluídos no ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións da zona E69B do PXOM de Sanxenxo, en O Revel – Vilalonga. Relación de Propietarios e de bens e dereitos afectados”, redactado por D. Rafael Vázquez Abal e D. Juan Lorenzo Ramírez, cuxa aprobación inicial tivo lugar a medio de Acordo do Concello Pleno adoptado en sesión celebrada o 28 de xullo de 2014.

TERCEIRO.- Notificaro presente Acordo Plenario ós interesados no expediente, e proceder á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, nun dos diarios de maior circulación da provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios do Concello de Sanxenxo””.

Tendo en conta o informado polo Técnico en Xestión Urbanística, ó Pleno do Concello de Sanxenxo elévase a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Ampliar o prazo de resolución –coa notificación que corresponda– do procedemento de aprobación do proxecto de Delimitación do Polígono de Expropiación de terreos pertencentes a particulares incluídos no ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións da zona E69B do PXOM de Sanxenxo, en O Revel – Vilalonga. Relación de Propietarios e de bens e dereitos afectados (Expte. nº EM – 001/14), por tres meses máis, contados dende o 28 de outubro de 2014, ó abeiro do disposto no art. 42.6. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SEGUNDO.- Proceder a publicar nun dos diarios de maior circulación da provincia de Pontevedra, o

sometemento a información pública do “Proxecto de Delimitación do Polígono de expropiación de terreos pertencentes a particulares incluídos no ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións da zona E69B do PXOM de Sanxenxo, en O Revel – Vilalonga. Relación de Propietarios e de bens e dereitos afectados”, redactado por D. Rafael Vázquez Abal e D. Juan Lorenzo Ramírez, cuxa aprobación inicial tivo lugar a medio de Acordo do Concello Pleno adoptado en sesión celebrada o 28 de xullo de 2014.

TERCEIRO.- Notificar o presente Acordo Plenario ós interesados no expediente, e proceder á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, nun dos diarios de maior circulación da provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios do Concello de Sanxenxo.”

Ao non existir debate sobre a ratificación da inclusión deste asunto na orde do día, a **Sra. Presidenta**, someteuna a votación, na que, **por unanimidade, resultou aprobada a ratificación da inclusión deste asunto na orde do día.**

A **Sra. Alcaldesa** dixo que ante as dúbidas para poder rematar o expediente en tres meses, era mellor non correr riscos de esgotar o prazo.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, mostrou o seu acordo coa proposta polos problemas xurdidos nas identificacións e nas notificacións, outra cousa distinta son as valoracións e o xustiprezo

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, anunciou o seu voto favorable, aínda que non deixaba de sorprendela que sexa tan difícil notificar a persoas coñecidas, engadindo que esperaban que tamén a Xunta de Galicia se acorde nos seus presupostos deste colexio, para o que presentarán unha emenda no Parlamento.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, dixo que votarían a favor, posto que queda bastante claro nalgunhas alegacións que se fixeron notificacións a persoas que non son propietarias, existindo erros nas comunicacións, polo que esta proposta lle parece formalmente correcta, outra cousa é o proceso de alegacións, onde aparecen conformidades de propietarios con ofertas do propio concello, estando claro que houbo unha por 30 euros, xerando unhas expectativas que non se cumpren, o que dará lugar a problemas, engadindo que non se pode facer peor e así se está onde se está, sen posibilidade de que a Xunta inclúa no seu presuposto a execución desta obra.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que houbo contactos cos propietarios, cunha valoración do técnico municipal do ano 2008, que ascendía aos citados 30 euros, que algún aceptou, aínda que despois non puido presentar documentación acreditativa da súa propiedade, optando para evitar erros por facer as valoracións conforme a normativa actual que favorece ao concello e prexudica aos propietarios, comprendendo que poden estar en desacordo co prezo, facendo o concello un esforzo para incluír a totalidade do equipamento. A **Sra. Aguíñ Pombo** díxolle que aínda que poden coñecer a algúns dos que figuran no expediente, o certo é que hai que acreditar a propiedade con documentos eficaces, o que pode dar lugar a publicacións a maiores.

O **Sr. Interventor** explicou que fiscalizou favorablemente esta proposta, pero dado que con esta prórroga o expediente pode rematar no ano 2015 e tendo en conta que a existencia de crédito suficiente debe manterse ao longo de todo o procedemento, este acordo conleva implicitamente o compromiso de crédito suficiente durante o exercizo do 2015, xa sexa mediante consignación no presuposto dese ano ou ben mediante prórroga do actual crédito para o exercizo seguinte.

Ao non se producir mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposición a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

PRIMEIRO: ampliar o prazo de resolución –coa notificación que corresponda– do procedemento de aprobación do Proxecto de Delimitación do Polígono de Expropiación de terreos pertencentes a particulares incluídos no ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións da zona E69B do PXOM de Sanxenxo, en O Revel – Vilalonga. Relación de Propietarios e de bens e dereitos afectados (Expte. nº EM – 001/14), por tres meses máis, contados dende o 28 de outubro de 2014, ó abeiro do disposto no art. 42.6. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SEGUNDO: proceder a publicar nun dos diarios de maior circulación da provincia de Pontevedra, o sometemento a información pública do “Proxecto de Delimitación do Polígono de expropiación de terreos pertencentes a particulares incluídos no ámbito do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións da zona E69B do PXOM de Sanxenxo, en O Revel – Vilalonga. Relación de Propietarios e de bens e dereitos afectados”, redactado por D. Rafael Vázquez Abal e D. Juan Lorenzo Ramírez, cuxa aprobación inicial tivo lugar a medio de Acordo do Concello Pleno adoptado en sesión celebrada o 28 de xullo de 2014.

TERCEIRO: notificar o presente Acordo Plenario ós interesados no expediente, e proceder á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, nun dos diarios de maior circulación da provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios do Concello de Sanxenxo.”-----

3º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DA REMISIÓN AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO DE 2015. O Sr. Secretario dá conta do escrito remitido á alcaldía pola intervención xeral o día 30 de setembro de 2014 (R. de entrada número 8.337) que literalmente di:

“Achégolle a vostede fe da remisión ao Ministerio de facenda e administracións públicas, no día de hoxe, das liñas fundamentais do orzamento de 2015, a través da plataforma informática da oficina virtual das entidades locais na páxina web do ministerio.

Coa finalidade da súa elevación ao Pleno da Corporación para o seu coñecemento”.

Adxunto a este escrito figuran 9 folios dos datos remitidos, numerados do 1 ao 9, co selo do concello e 8 folios de resgardo telemático da remisión, numerados do 1 ao 8 co selo do concello.

A Corporación deuse por enterada.”-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos, de todo o que, eu secretario **DOU FE:**